

## **ESPAZO COMÚN CALIFICA DE CHAPUZA SEN LIMITES A REFORMA DA ÁREA DE XOGOS INFANTÍS DA ALAMEDA**

Co Carballiño cheo de visitantes é vergoñento que as obras que se iniciaron con tanta urxencia interesada antes das eleccións sigan sen rematarse.

**O Carballiño, 8 de xullo de 2019.** Unha nova fin de semana do verán ven de rematar e os pais e nais do Carballiño non saen da súa indignación. A carencia de áreas de xogo para os máis cativos xa é algo de sobra coñecido na nosa vila pero este ano vése especialmente agravado polas interminables obras da Alameda.

Todo o mundo neste pobo sabe que esa é a área por excelencia que serve coma punto de encontro para o tempo de lecer dos máis pequenos nestas datas por ser a máis ampla con diferenza e tamén a máis céntrica.

Sen embargo, nun alarde máis de oportunismo electoralista, o alcalde decidiu iniciar as obras xusto antes de comezar o bo tempo, coincidindo, como tantas outras, co proceso preelectoral. Agora toda a veciñanza do Carballiño paga por esa decisión tendenciosa e interesada que nada tivo que ver cos tempo de máis uso da instalación e si cos intereses propios do grupo de goberno.

Non é difícil facer un pouco de arqueoloxía na hemeroteca recente para ver como se prometía que ía estar rematada en xuño, como se anunciaba un proxecto fantástico sen as pirámides que agora mesmo hai no medio da praza e tantos outros anuncios que cando foron feitos, xa se sabía que eran falsos.

O asunto das pirámides é digno dun estudo pormenorizado da capacidade de cinismo e manipulación á que se pode chegar. Anunciouse un proxecto sen elas, algo que a día de hoxe aínda pode comprobar calquera na páxina oficial de Facebook do Concello, onde con data 26 de marzo, aparece todo un exemplo do que é vender fume antes dunhas eleccións.

A día de hoxe, no canto de ser retiradas como se prometeu, foron rodeadas dunha horrible alambrada que ten asustados a propios e estranos pola imaxe que dan

- [comunicacion@espazocomun.gal](mailto:comunicacion@espazocomun.gal)
- [@espazo\\_comun](https://www.instagram.com/espazo_comun)

 [@Espazo.comun.gal](https://www.facebook.com/Espazo.comun.gal)

- [espazo\\_comun](https://www.instagram.com/espazo_comun)

 [+34 688 707 121](https://api.whatsapp.com/send?phone=34688707121)

dúas xaulas desas dimensións no medio dun parque infantil. Máis improvisación para saír das mentiras que son recurrentes.

Pola nosa parte, solicitamos, oficalmente e por escrito ao Concello, copia dos expedientes de contratación das obras e dos proxectos adxudicados na data de 21 de xuño para tentar desentrañar este desastre pero obtivemos a calada por resposta.

Mentres tanto, o número de perxudicados polas andainas erráticas do señor alcalde que só tiña como obxectivo gañar unhas eleccións ao prezo que fose, medra. Pais e nais, cativos e, sen esquecer aos negocios da contorna que ven como este verán ao estar pechada a Alameda, o seu número de clientes é moi inferior ao de outros anos.

Desde Espazo Común pensamos que sería un bo momento para o que máximo responsable de toda esta chapuza, o señor Fumega, saíra a dar explicacións á cidadanía. Semella difícil que desta volta consiga levar a cabo o que é a súa especialidade, botarlle sempre a culpa a outros.

O que debe facer é rematar dunha vez a obra e se non se vai executar o proxecto que se anunciou a bombo e platillo antes das eleccións, explicar á veciñanza as razóns.

- [comunicacion@espazocomun.gal](mailto:comunicacion@espazocomun.gal)
- [@espazo\\_comun](https://www.instagram.com/espazo_comun)
- [@Espazo.comun.gal](https://www.facebook.com/Espazo.comun.gal)
- [espazo\\_comun](https://www.youtube.com/channel/UCv3v3v3v3v3v3v3v3v3v3v3)
- [+34 688 707 121](https://api.whatsapp.com/send?phone=34688707121)